

## HERNÁN NAVAL

Director

O profesor Hernán Naval, Director da Banda Municipal de Ribadeo, naceu en Viveiro en 1962. Estudou nos Conservatorios de A Coruña, Madrid, Santiago e Lugo. Foi profesor do Conservatorio de Música de Viveiro até o seu traslado a Ribadeo para formar e dirixir a Banda Municipal. Criou, co apoio e patrocinio do Excmo. Concello, a Escola Municipal de Música de Ribadeo, primeiro centro das súas características fundado en Galiza, hoxe con douscentos alumnos e dez profesores.

Hernán Naval é autor de pezas para Coro (formou e dirixiu durante dous anos a Coral Polifónica de San Cibrán-Cervo) e para Banda; dúas das súas obras (*Portbou-Saraxevo* e *Lonxe do mar*) están incluídas no CD gravado pola Banda Municipal de Ribadeo baixo a súa dirección.

Hernán Naval ten contribuído, como ponente, conferenciante e articulista, á divulgación dun novo discurso sobre a papel socio-cultural das Bandas amaters e a formación musical da xuventude, organizando en Ribadeo, en 1994, un importante Congreso de Bandas de Música Populares de Galiza participando en foros como Asambleas e Congresos de Educación da Confederación Española de Sociedades Musicais, reunións da Unión Europea de Escolas de Música, diversos debates públicos na Galiza, etc.



CONSERVATORIO PROFESIONAL  
DE MÚSICA DE LUGO

C O N C E R T O

# BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

Organiza:

CONSERVATORIO PROFESIONAL  
DE MÚSICA DE LUGO

Colabora:



HERNÁN NAVAL  
Director

*Salón Rexio do Círculo das Artes*  
*Venres, 4 de decembro de 1998*  
**19,30 horas**

## BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

A Banda Municipal de Ribadeo celebrou o ano pasado o seu V aniversario. O 25 de xaneiro de 1992 ofreceu o seu primeiro concerto público, perante case mil persoas. Dos cuarenta xóvenes compoñentes iniciais ten pasado, en só un lustro, a conformar un plantel de Banda Sinfónica de arredor de oitenta músicos amaters. A Banda Municipal de Ribadeo está promovida pola Asociación *Amadores da Música* en colaboración permanente con Excmo. Concello de Ribadeo.

Nistos poucos anos de vida, a Banda Municipal de Ribadeo ten ofrecido importantes concertos: Teatro Colón (A Coruña), Praza da Quintana (Santiago de Compostela), Praça Real e Parque de Provençais (Barcelona), Beniaján (Murcia), Lourdes e Lisboa (Portugal), Teatro Campoamor (Oviedo), etc. Ten realizado gravacións para Radio e Televisión de Galiza e máis para a Televisión Española.

A Banda Municipal de Ribadeo difunde en comezando cada ano unha programación estabel dos seus concertos en Ribadeo. Neles ten incluído programas monográficos (música de cine, música relixiosa, etc.), e outros, como o de Nadal "(Aquí como en Viena)", forman xa parte dos eventos culturais tradicionais de Ribadeo. Tamén, o Festival de Bandas que organiza no mes de agosto estase a converter nun importante referente cultural.

Hai un ano, a Banda ribadense gravou o seu primeiro CD. O disco que está na rúa desde hai meses e que ten colleitado un grande éxito de vendas e de crítica, inclúe o *Andante Spianato e Grande*

*Polonesa en Mi bemol Maior*, de Chopin, acompañando a Banda ao prestixioso pianista cubano Antonio Queija Uz, na transcripción para Banda que das partes orquestrais da obra realizou Hernán Naval, Director da Banda Municipal de Ribadeo. O CD é, ademais testemuña do que ven sendo o heterodoxo facer na Banda Municipal de Ribadeo na súa curta pero intensa traxectoria pública: música sinfónica, música contemporánea (bandas sonoras, nova música para Banda...), etc., sempre desde presupostos formativos, tanto para o público como para a propia Banda, rachando con atavismos de dianas e alboradas como único horizonte das Bandas populares.

### NOTA Ó PROGRAMA

O programa que a Banda Municipal de Ribadeo, presenta neste novo concerto seu en Lugo, son organización e patrocinio do Conservatorio Profesional da cidade e aos seus alumnos nomeadamente dirixido, da boa conta do singular xeito, mesmo heterodoxo, de facer as cousas dentro dun xeneralmente errático mundo das bandas populares galegas: transcripcións de fragmentos de páxinas sinfónicas de repertorio (Dvorak, Moussorgsky...), unha selección de temas dun musical en escena (*Les misérables*: a Banda toca un arranxo da música da versión teatral cantada; non tardará en se popularizar a banda sonora da versión cinematográfica recén estreada), dúas obras orixinais para Banda de compositores holandeses (a fantasía *Oregón*, de Jacob de Haan, e o *Choral and Rock Out* de Ted Huggens, donde se transita desde o estilo do coral variado de Bach ate o dun elaborado *pop* actual). A Banda pecha o programa cun extraño paso-dobre escrito polo propio Director da agrupación.

## PROGRAMA

|   |  |
|---|--|
| Sinfonía do Novo Mundo .....              | A. Dvorak<br>(fragmento)   |
| Cadros dunha exposición .....             | M. Moussorgsky<br>I. <i>Promenade</i><br>II. <i>O vello castelo</i><br>III. <i>Bydlo</i><br>IV. <i>A cabana do Baba Yaga</i><br>V. <i>A Gran Porta de Kiev</i> |
| O segundo vals .....                      | D. Shostakovitch<br>(da <i>Jazz Suite n.º 2</i> )  |
| Les misérables .....                      | C.M. Schonberg   |
| Oregón .....                              | Jacob de Haan  |
| Choral & Rock Out .....                   | Ted Huggens  |
| Mar por medio ( <i>Paso-dobre</i> ) ..... | Hernán Naval   |